

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

IES DE POIO
Curso 2022-2023



1. CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN	2
PLANIFICACIÓN DO PLC	3
2. CONTEXTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO	4
3. MEDIDAS PARA O APROVEITAMENTOS DAS ENSEÑANZAS POR PARTE DO ALUMNADO SEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	6
4. OBTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.	7
5. ACCIÓNS E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	7
6. ACTIVIDADES PLURILINGÜES E INTERCULTURAS	9
7. TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS	10
Acordos sobre terminoloxía gramatical	11
MORFOLOXÍA: CLASES DE PALABRAS	11
MORFOLOXÍA: ESTRUTURA	11
SINTAXE:	11
ANÁLISE E COMENTARIO DE TEXTO:	12
ESTRUTURA:	13
DEFINIÇÕES: SIGNIFICADO DE PALABRAS OU EXPRESIÓNS	14
COMENTARIO CRÍTICO	15
CONECTORES TEXTUAIS	21
DISTRIBUCIÓN POR CURSOS DOS CONTIDOS XERAIS NAS MATERIAS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ	16
BLOQUE DA COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	16
BLOQUE DO COÑECEMENTO DA LINGUA	18
PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS	19
TRABALLOS A MAN	19
TRABALLOS A ORDENADOR	19
CRITERIOS METODOLÓXICOS	20
AVALIACIÓN	20
CRITERIOS	20
INSTRUMENTOS	21
8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS	21

1. INTRODUCCIÓN

Segundo o disposto polo o *Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* no seus principios (artigo 4º), o ensino non universitario galego deberá asegurar a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia (galego e castelán), para o cal deberase garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas en cada unha delas mentres se promociona o plurilingüismo facilitando a adquisición dun coñecemento efectivo na(s) lingua(s) estranxeira(s) impartidas no centro.

Estes principios deberán acadarse mediante a participación e a colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos e sempre desde unha perspectiva de traballo que supoña a dinamización da lingua galega nos centros de ensino. Para cumprir con estes principios cada centro deberá dispor dun Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), no cal se fará constar:

- a) A lingua vehicular que se debe empregar nas áreas, materias, módulo ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7º e 8º do mesmo decreto.
- b) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Os procedementos que aseguren que o alumnado de Formación Profesional acade a competencia lingüística propia nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

A maiores, o Decreto 85/2015 insiste na importancia da competencia plurilingüe e intercultural, considerando, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no ensino e aprendizaxe lingüísticos. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Búscase, polo tanto, favorecer a transferencia de coñecementos entre linguas e ámbitos distintos.

Para isto, aséntase un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír no noso centro docente unha coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

A validez do PLC será, segundo establece o antedito decreto, de catro cursos académicos. Anualmente elaborárase unha addenda na que conste:

- a) Calquera modificación na impartición de materias en lingua(s)n estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
- b) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

PLANIFICACIÓN DO PLC

Para elaborar o PLC, cómpre dispor de información que nos permita obter un bo coñecemento da realidade sociolingüística do centro, e con tal obxecto hai que facer unha análise dos seguintes índices:

- 1) O contexto sociolingüístico do centro.
- 2) A situación do profesorado.
- 3) A situación do alumnado.
- 4) O ambiente lingüístico do centro.

Os datos para a elaboración deses índices de análise, obteranse a partir de:

- a) Información obtida a través do mapa sociolingüístico de Galicia, datos estatísticos oficiais, estudos sociolingüísticos, etc.
- b) Información obtida a partir da observación directa:
 - Lingua usada na documentación administrativa, no rotulado do centro, notas informativas, etc.
 - Lingua usada nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.
 - Lingua empregada nas interaccións do profesorado co alumnado en contextos informais: corredores, entrada, saída, patio de recreo, etc.
 - Lingua empregada polo profesorado en contextos formais: claustros, comisións pedagóxicas, consellos escolares, reunións coas familias, etc.
 - Lingua empregada polo persoal non docente.
 - Dotación de fondos bibliográficos e audiovisuais.
 - Lingua empregada na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
 - Visibilidade das accións do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.
 - Lingua empregada nas actividades extraescolares.
 - Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno.
- c) Información obtida a través de cuestionarios.

1] Ao profesorado:

- Lingua de comunicación empregada polo profesorado nas distintas materias.
- Actitudes que se constatan entre o profesorado.

2] Ao alumnado: a través de distintos cuestionarios a cumprimentar no momento de escolarización do alumnado (en calquera momento que se escolarice por primeira vez no centro), que recolle os seguintes aspectos [no seguinte apartado deste PLC].

- Lingua empregada na súa vida cotiá.

- Lingua empregada no ámbito familiar.
 - Lingua empregada habitualmente polo alumno no ámbito escolar (a cumprimentar polo profesorado nos primeiros momentos da súa escolarización e antes de que inflúa o medio lingüístico do centro educativo).
 - Lingua empregada no ámbito familiar.
 - Nivel de competencia lingüística que traen da etapa anterior.
 - Actitudes cara á utilización do galego no ámbito educativo.
- d) Información das materias impartidas en galego: será obtida a través de cuestionario.

2. CONTEXTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Antes de comezar a desenvolver o PLC cómpre recoller a información máis destacable que se pode extraer dos usos lingüísticos entre o alumnado, eixo de toda acción levada a cabo no centro educativo. Os datos recollidos polo centro complétanse cos da enquisa realizada no marco do programa *21 días co galego e +* na que participou un 79,35% do alumnado da ESO e Bacharelato.

O alumnado do IES de Poio ten como lingua inicial, maiormente, o castelán, xa que ata un 53% do alumnado responde que aprendeu a falar en “castelán” ou “máis castelán”. É significativa a porcentaxe de alumnado que indica que aprendeu a falar as dúas por igual, atopándonos un 27% de alumnas e alumnos que presentan un bilingüismo individual. Hai que salientar tamén a baixa porcentaxe de alumnado que conta co galego como lingua inicial: un 18% indica que aprendeu a falar en “galego” ou “máis galego”. A presenza do castelán é aínda maior se se toma como referencia a lingua habitual, xa que un 87% das respostas indican que se emprega habitualmente o “castelán” ou “máis castelán”. O uso do “galego” ou de “máis galego” queda reducido a un 3%.

No que respecta á lingua familiar, o castelán segue a ser a lingua habitual: 68% se temos en conta as respostas “castelán” e “máis castelán”. O uso do galego resiste un pouco máis no ámbito da familia: un 16% sinala que emprega o “galego” ou “máis galego”. Pódese tamén sinalar que a xa reducida porcentaxe do galego como lingua inicial e como lingua de uso no ámbito familiar (18% e 16% respectivamente) cae en picado se temos en conta a lingua que usa o alumnado na súa vida diaria: só un 3% usa galego ou máis galego. Ademais, o uso das dúas linguas por igual tamén se reduce con respecto á lingua inicial, pasando dun 27% a un 9% (uso habitual) e un 13% (uso familiar). Estes datos permítennos percibir a situación de diglosia que presenta o alumnado que reconece o uso das linguas por igual.

Dentro do grupo de iguais, o alumnado emprega aínda menos o galego. A pesar de que as respostas correspondentes a “galego” ou “máis galego” suman un 4% (1% máis que no que se refire á lingua habitual), hai que ter en conta o aumento do uso exclusivo do castelán (74%) ou máis castelán (17%) e a redución da porcentaxe de uso das dúas linguas por igual (5%). Desta maneira, podemos sinalar que o alumnado que ten exclusivamente o galego como lingua inicial (12%) ou lingua familiar (11%) non o conserva nin como lingua habitual (2%) nin como forma de comunicación co seu grupo de iguais (3%).

No centro educativo reproducense as dinámicas de uso da lingua que tamén se desenvolven no grupo de iguais. O alumnado que emprega só castelán ou máis castelán supón un 78%, mentres que o alumnado que emprega só galego ou máis galego soamente representa un 4% do total. Aumenta a porcentaxe de uso das dúas linguas por igual, o que pode vir determinado polo seu uso nas diferentes materias.

Se desagregamos a lingua de uso no centro en función das persoas coas que se emprega sen ter en conta as clases de idiomas (castelán, galego, inglés e francés), vemos que o castelán segue aumentando a súa porcentaxe entre os compañeiros e compañeiras (87%), mentres que o galego se mantén en porcentaxes mínimas (3%). Co profesorado, o uso do galego aumenta até un 10%, pero segue a supoñer unha porcentaxe moi reducida se a comparamos coa de uso do castelán exclusivamente (51%). Aumenta a porcentaxe do uso de ambas as linguas por igual, relacionado previsiblemente coas linguas vehiculares das materias non lingüísticas. Con respecto ao persoal docente, mantense unha tendencia similar á que atopamos no uso coas compañeiras e compañeiros, o castelán segue a ser a lingua con máis presenza (82%), fronte ao galego (7%) ou ao uso de ambas as dúas por igual (11%).

Nas aulas, o emprego do galego na lingua escrita ou nos exames é maior que o seu uso como lingua de comunicación oral. Así, o alumnado escribe maioritariamente en castelán (61%), pero aumenta o uso das dúas linguas por igual (34%). O galego segue estando presente nunha porcentaxe moi reducida (5%). Nos exames, o alumnado indica que, maioritariamente, emprega as dúas linguas por igual (60%), diminúe o uso exclusivo do castelán (28%) e aumenta o uso do galego (12%). Non obstante, hai que ter en conta que a lingua vehicular das materias (un 50% en galego) non coincide coa lingua que despois empregan nas probas escritas.

Se analizamos as competencias lingüísticas, vemos que o alumnado indica que ten unha mellor competencia nas catro destrezas tanto só en castelán como nas dúas linguas por igual. Non obstante, temos que sinalar que as maiores dificultades no uso do galego atópanse na expresión, tanto escrita como oral. O castelán ocupa unha porcentaxe moi elevada na competencia en expresión oral, mentres que os resultados amosan que é preciso traballar a oralidade, e tamén a escrita, en lingua galega.

Se temos en conta a competencia global, o alumnado do centro considera que ten unha capacitación, maiormente, boa ou aceptábel en lingua galega. Non obstante, non podemos esquecer os obstáculos que atopan na expresión nesta lingua, se temos en conta os datos previos. En consonancia coa análise da competencia lingüística, vemos que ao alumnado resúltalle especialmente difícil falar (44%) e escribir (36%) en galego, mentres que sinala que ten menos dificultade para ler (16%) e para entender (4%) a nosa lingua.

O alumnado do centro considera que nun futuro falarán maiormente só castelán (54%) ou as dúas por igual (39%), mentres que unha porcentaxe moi reducida (7%) pensa que falará só galego. Isto contrasta co que lles gustaría, porque aumenta a porcentaxe que só falaría galego (19%) e a que empregaría as dúas por igual (60%). Isto evidencia a necesidade de ofrecer ao alumnado canles de uso para que poidan falar o que lles gustaría falar e non o que determina a situación diglósica actual. Polo tanto, poderíase dicir que habería vontade de cambiar a tendencia por parte do alumnado. Porén, o alumnado non é alleo á realidade e sabe identificar cal é a tendencia: as xeracións máis novas falarán máis castelán (74%).

Aínda que o alumnado sinala que a rapazada falará máis castelán, consideran que as dúas linguas seguirán tendo presenza en 2100, aínda que a tendencia cara ao maior uso do castelán, queda clara. De novo, se analizamos o que lles gustaría, podemos indicar que queren ver un cambio na situación onde o galego teña moitísima máis presenza social, tanto como lingua única (51%) como compartindo espazo bilingüe co castelán (45%). Consideran que o castelán non debería ser a lingua única dos galegos e das galegas a comezos do vindeiro século.

A pesar de que o galego debería ter unha presenza plena ou ampla no centro educativo, xa que debe se a lingua vehicular da Administración galega, hai unha porcentaxe relevante de alumnado (37%)

que considera que o galego ten unha presenza moderada, escasa ou case inexistente no centro. O EDNL, que debería situarse como unha ferramenta normalizadora fundamental no centro, necesita máis visibilidade entre o alumnado. Un 66% do alumnado non coñece case a actividade do EDNL, mesmo un 18% non sabía que había un no centro.

Os principais ámbitos de contacto do alumnado co galego son a familia (29%) e o concello (21%) e parroquia (21%). Nunha porcentaxe máis reducida reciben o galego nos medios de comunicación (12%) e practicamente non teñen contacto coa lingua galega no deporte, nos xogos, na música e nas novas tecnoloxías. Nos últimos dous ámbitos, é necesario poñer en valor a enorme produción de materiais e recursos nos últimos anos, que poden supoñen unha vía atraente para que o alumnado empregue ou reciba o galego.

3. MEDIDAS PARA O APROVEITAMENTOS DAS ENSEÑANZAS POR PARTE DO ALUMNADO SEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

Ao tratarmos de establecer o perfil sociolingüístico do alumnado temos que considerar a situación cambiante do centro que non é outra que a que está a experimentar a nosa sociedade; coa incorporación ao noso sistema educativo de alumnado estranxeiro. Polo tanto, deben contemplarse outras variábeis que poden axudar a comprender a realidade sociolingüística do centro. Son estas:

Un 6.18 % do alumnado é de procedencia estranxeira, se ben parte deste alumnado ten adquirida a nacionalidade española ou, a pesar de teren nacido fóra, son de ascendencia galega. Porén, unha pequena parte teñen como lingua materna outras con maior ou menor grao de semellanza co noso sistema lingüístico; caso do portugués ou catalán (máis próximos por unha banda) ou chinés, árabe, wolof (menos semellantes, por outra).

O alumnado procedente de países de fala hispana (como: Perú, Guatemala, Venezuela, Arxentina, Chile, Colombia, Paraguai ou Cuba) non ten especial dificultade en lingua castelá, pero precisan reforzo en galego, posto que moitas materias son impartidas ou teñen textos en galego. A maioría do alumnado de orixe estranxeira xa leva varios anos escolarizados dentro do noso sistema educativo, o que facilita considerablemente o labor docente xa que en xeral o grao de comprensión e expresión tanto en castelán coma en galego é aceptable.

Para aquel alumnado que obviamente precisa reforzo nas dúas linguas, especialmente naqueles casos nos que acaba de incorporarse recentemente ao noso sistema educativo, existe profesorado de apoio que se encarga de resolver os problemas puntuais de tipo lingüístico que poidan presentarse. Sendo necesaria a súa consideración durante a integración nun ensino bilingüe alleo, a mellor maneira de facelo é comezando por coñecer a súa propia lingua e cultura, polo que ao longo do ano se realizarán distintas actividades que permitan o devandito coñecemento, tales como ler en celebracións sinaladas un mesmo texto nas distintas linguas en que falan o alumnado do centro. Ademais, para que lles sexa máis doado familiarizarse co noso idioma e teñan o galego como unha lingua próxima, tanto nas aulas como fóra delas, tratarase de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega a través de actividades plurilingües e interculturais de dinamización lingüística.

4. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL) do IES de Poio considera como obxectivos principais para o fomento do uso da lingua galega os seguintes:

- 1 Fomentar o uso da lingua galega como lingua habitual no centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos
- 2 Garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes no seo da nosa comunidade educativa, nomeadamente no caso do alumnado.
- 3 Reforzar o traballo para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuízos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma propio, entre todas as e os integrantes da comunidade escolar.
- 4 Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego.
- 5 Implicar activamente toda a comunidade escolar, en especial o alumnado e profesorado, nun labor dinamizador con repercusión fóra do centro.
- 6 Reforzar o uso do galego dentro dos ámbitos artísticos como lingua de creación e de expresión cultural
- 7 Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma
- 8 Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, incluíndo encontros cas autoras e autores.
- 9 Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores e a contorna e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- 10 Coñecer máis e mellor a nosa bisbarra e Galicia, facendo especial fincapé nas festas tradicionais, nas nosas parroquias ou en personaxes destacados tanto a nivel local como autonómico, escritoras e escritores, etc.

5. ACCIÓNS E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O ENDLG do IES de Poio pretende desenvolver actividades encamiñadas ao mantemento vivo da lingua galega, reforzando a dimensión comunicativa e co obxectivo de acadar o lugar que lle corresponde para así estar presente en todas e cada unha das actividades que se realizan no noso centro; involucrando a un maior número de alumnado.

Foron moitos os avances feitos en materia lingüística nestes anos: as comunicacións oficiais e internas no noso idioma; infinidade de saídas culturais onde participan tanto alumnado como profesorado, a recuperación da nosa memoria e tradicións, o labor de asesoramento e axuda en temas lingüísticos a outros departamentos, a realización de eventos e actos sociais anuais como a entrega de diplomas aos alumnado de 2º de Bacharelato, as representacións teatrais, os concursos, vídeo-montaxes, a adquisición de material pedagóxico en lingua galega, a publicación da revista escolar, etc... Na actualidade séguese con estas liñas de actuación abertas, sabedores que aínda que os resultados non foron tan satisfactorios como quixeramos é preciso continuarmos explorando novas vías e contribuír a fomentar o uso normalizado do noso idioma.

Atendendo aos obxectivos descritos, a continuación presentamos as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento e a dinamización da lingua galega; organizados do seguinte xeito:

- 1 Celebración das festas tradicionais do ciclo anual (Samaín, Magosto, Entroido). Tamén a semana das letras no mes de Maio.
- 2 Fomento do uso oral e escrito: documentación escrita, dixital e sinalética en lingua galega. Uso oral daqueles actos públicos que se levan a cabo (presentación de curso, reunións cos pais, titorías, recibimento aos alumnado de 6º EP, entrega de diplomas, ANPA...).

- 3 Colaboración cos clubs de lectura que desde a biblioteca do centro se poñen en marcha para así mellorar o nivel de comprensión lectora.
- 4 Fomento da expresión escrita e artística mediante concursos literarios propios ou doutros organismos e tamén da revista escolar
- 5 Realización de obradoiros (maxia, banda deseñada, música tradicional)
- 6 Visitas e saídas culturais (roteiros, museos, teatro)
- 7 Charlas e encontros con escritoras e escritores
- 8 Expresión dramática: recitais poético-musicais, performances, teatro de títeres
- 9 Emprego das novas tecnoloxías: uso da conta INSTAGRAM do centro educativo para difusión e promoción de actividades do EDLG ou o uso de programas de gravación e montaxe de audio e vídeo.
- 10 Traballo conxunto entre os distintos equipos e departamentos didácticos do centro. De xeito especial tentarase afianzar a coordinación das actividades desenvoltas polo equipo de Biblioteca e o de Normalización e Dinamización Lingüística.

Dentro destas liñas nos cursos precedentes desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Celebración dun “Obradoiro de improvisación e regueifa” no que se tentou achegar o galego ao alumnado por medio da música e da presenza de persoeiros que acheguen a súa experiencia e sirvan de inspiración á rapazada.
- Convocatoria de diversos concursos e actividades a través das redes sociais do centro (especialmente o Instagram), fomentando deste xeito a participación activa do alumnado na vida cultural do Instituto a través das TIC, destacando especialmente o empuxe do equipo de Biblioteca, o ENDL e asemblea feminista-LGTB “Sementes de Liberdade” de recente creación no centro.
- Fomento da lectura en lingua galega a partir do club de lectura “Cambio o mundo por un libro”, orientado á dinamización e a reflexión sobre o medio que nos rodea e a responsabilidade individual e colectiva no seu coidado e, ao fin e cabo, de nós mesmos e do noso futuro. Realizáranse debates nos que se achegaron opinións e inquiredanzas persoais utilizando como guía as seguintes lecturas previamente seleccionadas pola súa temática:
 - o - *Be Water*, Antía Yáñez
 - o - *A miña planta de laranxa lima*, Jose Mauro de Vasconcelos
 - o - *O corazón de Xúpiter*, Leticia Costas
 - o - *Exogamia 0.3*, Ramón Caride
 - o - *Poderosa*, Sergio Klein

6. ACTIVIDADES PLURILINGÜES E INTERCULTURAIAS

O IES de Poio é un centro multilingüe, no que, á parte do castelán e do galego, tamén se estudan o inglés, o francés, o latín e o grego. A meirande parte das actividades que realiza o alumnado para o dominio destas linguas transcorre dentro do espazo da aula (láminas, letreiros, carteis, dramatizacións, cancións, intercambio de correspondencia e diferentes proxectos didácticos), ou dentro do centro (contribuíndo ás actividades coordinadas desde o ENDLG ou desde a biblioteca, organizando actividades e proxectos propios...), pero tamén se están a realizar actividades orientadas cara o exterior do centro.

O IES de Poio aborda a cooperación europea a través da participación en Erasmus+ e eTwinning. A avaliación da nosa participación nestes programas sinalou beneficios obxectivos tales como melloras na comunicación intercultural, na competencia clave en linguas, tanto propias como

estranxeiras, no desenvolvemento profesional do persoal, na reputación e visibilidade do noso centro ou na conciencia de identidade europea da comunidade educativa.

Desde o ano 2009 o instituto traballa na plataforma eTwinning, onde foron desenvolvidos 39 proxectos por parte de diferentes departamentos didácticos, moitos deles cunha abordaxe multidisciplinar. Estes proxectos tiveron como lingua de traballo o inglés, español e o galego, entre outras. Dez destes proxectos obtiveron Selos de Calidade Nacional e Europeo. Tamén se obtiveron dous Premios Nacionais e un Premio Europeo.

Dentro deste traballo pódese destacar que un proxecto eTwinning do centro foi seleccionado pola Comisión Europea na iniciativa Move2 Learn- Learn 2 Move, viaxando alumnado a Estrasburgo e visitando o Parlamento Europeo. O instituto é Centro eTwinning, un recoñecemento aos centros que destacan no traballo por proxectos, formación do profesorado na plataforma e pola súa política de seguridade na internet.

Co lanzamento do programa Erasmus+ no ano 2014, o noso instituto participou no proxecto Tourism for teenagers, unha Asociación escolar KA2 con Italia (centro coordinador), Grecia, República Checa e Polonia. O seu obxectivo foi comprender a importancia da diversidade cultural, promocionar a aprendizaxe de linguas e a diversidade lingüística e traballar, entre outras, a competencia dixital. Este proxecto, avaliado cun 98/100, foi recoñecido como Boa práctica desde Europa.

O curso 2021 enmarcouse no segundo ano dun proxecto KA229, Orientados ao patrimonio cultural e a inclusión desde unha perspectiva europea, un proxecto deseñado no marco do ET2020 e da *Declaración de París* que ten por tema o patrimonio cultural europeo, cun tratamento transversal da inclusión. O proxecto ten como lingua de traballo o español e aborda as actividades desde unha perspectiva plurilingüe. Somos o centro coordinador e colaboramos con Italia, Austria e Bulgaria.

O IES de Poio participou na convocatoria lanzada pola Consellería de Educación para pilotar o proxecto ATS2020 dentro da *Acción clave 3*. Este proxecto sobre reformas de políticas educativas propuxo como produto final un modelo de aprendizaxe integral para a mellora das competencias transversais do alumnado e a formación do persoal docente a través da avaliación de competencias. A maiores, acóllese a profesorado en job shadowing de KA101.

Así mesmo o noso centro foi Escola Embaixadora do Parlamento Europeo, un programa para difundir coñecemento sobre a democracia parlamentaria europea e de cidadanía europea, nos últimos cursos.

A maiores, o ano 2021 o instituto, que ten un ciclo medio de Guía no medio natural e de tempo libre, participou na convocatoria lanzada pola Deputación de Pontevedra para unirse ao Consorcio de mobilidade dentro do proxecto *Practicum Depo 2020*, un proxecto KA102, de Movilidade de Estudantes e persoal de Formación Profesional.

No IES de Poio realízanse diferentes viaxes (tradicionalmente en 2º de Bacharelato a un país de fala inglesa desde o departamento de Inglés, en 1º de Bacharelato organizase un intercambio con Francia desde o departamento de Francés e o departamento de Latín e Grego ten organizado visitas didácticas a Roma e Londres. Os departamentos tamén organizan saídas pedagóxicas de xeito regular (como a SÉJOUR ÉCOLO do departamento de Francés para 3º da ESO, traballando a lingua nun entorno natural).

O IES de Poio ten elaborado un Plan de Desenvolvemento Europeo que cobre o período 2020-2025. Para a súa elaboración atendemos ao *Marco estratéxico de Educación e Formación ET2020* e aos seus

catro obxectivos estratéxicos: promoción da aprendizaxe permanente e a mobilidade, mellora da calidade educativa, promoción de valores como a equidade, cohesión social e cidadanía activa e incremento da creatividade e a innovación.

Entres os seus obxectivos aparece o de potenciar a integración do centro nun espazo europeo de aprendizaxe permanente, en educación formal e non formal mediante a participación do centro en proxectos Erasmus+ e proxectos eTwinning. Deste xeito, atendemos a necesidades detectadas tanto en alumnado como profesorado, entre elas a de mellora da competencia lingüística en lingua estranxeira, así como na lingua propia. Tamén atenderemos á necesidade de coñecemento e posta en práctica de metodoloxías innovadoras, en ensino de linguas.

O Plan de Desenvolvemento Europeo contempla, polo que respecta ao profesorado o obxectivo de reforzar o perfil profesional das e dos docentes, mellorando as súas capacidades e competencias profesionais, incluída a competencia en lingua estranxeira. Polo que respecta ao alumnado contéplase o obxectivo de mellorar o ensino e a aprendizaxe das linguas e promover a diversidade lingüística

7. TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS

Todas as materias do currículo precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas e os obxectivos desta materia non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado das linguas, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo. De aí a necesidade de traballar mediante proxectos que impliquen varias disciplinas, especialmente é preciso asegurar a coordinación do profesorado que imparte as linguas no noso centro, buscando sempre o fomento do plurilingüismo propio da sociedade na que vivimos de xeito que o alumnado se faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar.

Na procura dunha maior harmonía no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística propóñense a continuación unha serie de acordos terminolóxicos e metodolóxicos para todo o equipo docente:

ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA GRAMATICAL

MORFOLOXÍA: CLASES DE PALABRAS

Traballaranse todas as clases de palabras que aparecen recollidas nos distintos contidos de cada curso e utilizarase a seguinte terminoloxía:

- **SUBSTANTIVOS:** abstractos, concretos ,comúns, propios, individuais, colectivos, contables, non contables.
- **ADXECTIVOS:** especificativos e explicativos.
- **DETERMINANTES:** artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais
- **PRONOMES:** persoais, demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais.
- **ADVERBIOS:** lugar, tempo, modo...
- **LOCUCIÓNS:** adverbiais, prepositivas, conxuntivas, pronominais...
- **VERBOS:** utilizarase unha única terminoloxía e a orde de análise dun verbo será a seguinte:persoa, número, tempo, modo, citar verbo, conxugación, aspecto e voz.

Insistirase no aspecto e na voz, especialmente a partires de 3º de ESO.

MORFOLOXÍA: ESTRUCTURA

Farase segmentación de substantivos, adxectivos e verbos coa profundidade que requira cada curso en función dos contidos e establecidos.

- VERBOS:

- RAÍZ/LEXEMA
- VOGAL TEMÁTICA
- SUFIXO MODO/TEMPO
- SUFIXO NÚMERO /PERSOA.

- SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS:

- LEXEMA,
- MORFEMAS DERIVATIVOS (PREFIXOS, INTERFIXOS, SUFIXOS),
- MORFEMAS GRAMATICAIS ou FLEXIVOS (XÉNERO E NÚMERO)

SINTAXE:

Establécese o acordo de facer análise sintáctica funcionalista e pedir que o alumnado faga análise morfosintáctica de todas as oracións.

Empregarase a seguinte terminoloxía:

a) TIPOS DE FRASES

- F. SUBS.: NUC + MOD
- F. ADX.: NUC + MOD
- F. ADV: MOD + NUC
- F. NOM: DET + NUC
- F. PREP. ENL + TERM

b) FUNCIONES SINTÁCTICAS

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
SUX	SUJ.	SUB.	SUJET
PRED.	PRED.	PRED.	PRÉD
CD	CD	DO	CD
CI	CI	IO	CI
PVO do SUX/CD	PVO del SUJ/CD		
ATR	ATR		
SUPL. / C. REX	SUPL. / C. REG		
C. AX	AG.		C. AGENT.
CC	CC		CC

c) TIPOS DE CLÁUSULAS e ORACIONES:

- CLÁUSULA SIMPLE
- CLÁUSULA COMPLEXA (SUBORDINADA):
 - o SUBSTANTIVA

- o ADXECTIVA ou DE RELATIVO
- o ADVERBIAL de: LUGAR, TEMPO, MODO, FINAL
- ORACIÓN BIPOLAR:
 - o ADVERSATIVA
 - o CAUSAL
 - o COMPARATIVA
 - o CONCESIVA
 - o CONDICIONAL
 - o CONSECUTIVA
 - o ESTRUCTURA COORDINADA (SINDÉTICA, é dicir, con nexos): COPULATIVA, DISTRIBUTIVA, DISXUNTIVA, EXPLICATIVA
 - o ESTRUCTURA XUSTAPOSTA (ASINDÉTICA, sen nexos)

ANÁLISE E COMENTARIO DE TEXTO:

Son preguntas relacionadas coa comprensión do texto. Poden ser calquera das seguintes: tema, título, resumo (de todo ou de parte do texto), esquema coas ideas principais e secundarias, estrutura, intencionalidade do autor, punto de vista do autor sobre algún aspecto (descritivo, humorístico, irónico...), caracterización de personaxes e significado que teñen no texto algunhas palabras ou expresións.

A seguir, referímonos a cada cuestión, así como ás claves para resolvelas.

- **TEMA:** É a idea central dun texto. A resposta esixe cumprir dous obxectivos: a correcta comprensión do texto e a capacidade de sintetizar o seu contido nun enunciado breve e claro; unha única palabra non abonda para expresar o tema dun texto, pero unha fórmula útil pode ser a seguinte: buscar a palabra abstracta que mellor sintetice o texto e engadirlle os complementos que a especifiquen.
- **TÍTULO:** A función dun título é chamar a atención dos lectores. Expresarémolo nunha palabra, frase ou oración, tendo en conta as seguintes motivacións: anticipar o contido, insinuar o tema, dar relevo a un personaxe, intrigar ao lector... A redacción do título debe ser breve e estar relacionado co tema do texto.
- **RESUMO:** Resumir un texto consiste en abreviar outro de maior extensión, sinalando as ideas esenciais e prescindindo do que ten menor importancia e do redundante. Avalíase a comprensión e capacidade de síntese.

a) PAUTAS PARA A REDACCIÓN DUN RESUMO :

- Lectura do texto para identificar as ideas fundamentais.
- Nunha segunda lectura convén subliñar a idea fundamental de cada parágrafo.
- Debe ser un texto breve (non superar as sei ou sete liñas) e estar estruturado en un ou dous párrafos.
- Indicaremos o tipo de texto (Este poema, artigo, narración...) ▶ Sintetizar na primeira liña o tema do texto.
- Suprimir todos os elementos superfluos (exemplos, anécdotas , descrições...)
- Debe estar formulado con obxectividade, sen incluír comentarios persoais.
- Tampouco pode reproducir fragmentos ou expresións do texto. Trátase de respectar fielmente o seu contido, aínda que redactado coas nosas palabras.
- Empregar oracións impersoais ou pasivas reflexas.

- Empregar os conectores adecuados (tamén, a continuación, finalmente...)

b) ESQUEMA COAS IDEAS PRINCIPAIS E SECUNDARIAS:

O contido é o mesmo que o do resumo (pois en ambos casos procedemos a recoller as ideas fundamentais do texto) pero muda a maneira de expresalo. Debemos subliñalas e redactalas na marxe do texto.

Formúlanse expresando cada idea nun enunciado (frases simples e claras) e de forma xerarquizada: as ideas principais aparecen con marxe normal, e as secundarias, debaixo das primeiras e con máis marxe. Cada idea non debe ocupar máis dunha liña

Empregaremos un modelo numerado ou con guións (sen chaves) que nos permita diferenciar claramente as ideas principais das secundarias. Evitarase o erro de establecer moitas ideas con excesivas subdivisións, posto que este esquema debe permitirnos captar a simple vista o que quere transmitir o texto.

Modelo de esquema :

1. Idea principal

- 1.1. Idea secundaria
- 1.2. Idea secundaria

2. Idea principal

- 2.1. Idea secundaria

ESTRUTURA:

Calquera texto debe presentar as ideas ben estruturadas, en partes que podemos apreciar doadamente (a propia disposición en parágrafos pode axudarnos) pero tamén depende do tipo de textos:

- a) Estrutura dos textos narrativos (literarios ou non). Aadoita ter tres partes:
 - INTRODUCCIÓN: presentación do tema, personaxes, espazos...
 - DESENVOLVEMENTO: desenvólvese o suceso que lle crea un conflito aos personaxes (un problema que hai que resolver, un desexo que satisfacer, un asunto que aclarar...)
 - DESENLACE: prodúcese a resolución do conflito.
- b) Estrutura dos textos argumentativos (defenden unha idea mediante argumentos, coa finalidade de convencer ao receptor)
 - PRESENTACIÓN da tese ou idea que se pretende defender ou rexeitar.
 - CORPO argumentativo: presentación con orde e claridade dos diferentes argumentos ou razoamentos que apoian e defenden a tese.
 - CONCLUSIÓN. Reafirma a tese da que se parte. Soe ser unha síntese da demostración feita no apartado anterior, destacando o razoamento que se considera máis convincente ou utilizando recursos retóricos coa finalidade de causar impacto no receptor.

- c) Estructura dos textos expositivos (Transmiten información sobre un tema de maneira obxectiva).

Acostuman presentar tres partes:

- PRESENTACIÓN do tema
- DESENVOLVEMENTO da explicación ou exposición
- CONCLUSIÓN, resumo ou consecuencias do exposto (Non sempre aparece)

Unha fórmula para indicar a estrutura dun texto pode ser a seguinte:

- 1] Indicamos as partes ou apartados en que podemos dividir o texto de forma clara e breve, por exemplo: "Podemos estruturar o texto en tres partes ben definidas tendo en conta o contido"
- 2] Sinalamos cada un dos apartados, indicando entre parénteses os parágrafos, as liñas ou os versos en que aparecen, e expresamos brevemente o contido de cada un.

Por exemplo, nun texto argumentativo indicaríase así:

- 1] Presentación da tese (liña1-3): breve resumo do contido
- 2] Argumentación (liña 4 a 10): indicamos o contido brevemente.
- 3] Conclusión (liña 11 e 12): indicamos o contido brevemente.

DEFINICIÓNS: SIGNIFICADO DE PALABRAS OU EXPRESIÓNS

Non se esixe unha definición lexicográfica rigorosa, senón a demostración de que se coñece ese significado e a capacidade de expresalo correctamente. Non son válidas as respostas só con sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Procedemos así:

- Subliñamos a palabra ou expresión.
- Indicamos, entre parénteses, a categoría: s./v./adx./adv./conx./pronome ...
- Definimos brevemente os trazos semánticos distintivos.

Segundo a clase de palabra, serán de utilidade as seguintes formulas de definición:

- a) Substantivos: pódese iniciar a definición cun hiperónimo ou termo de significado xenérico no que se inclúe o termo definido: persoa, animal, obxecto, sentimento, actitude, substancia, virtude, calidade, situación, habilidade... Posteriormente, indícanse as súas características máis representativas: utilidade, orixe, cor, forma, tamaño...
 - Limón: froito do limoeiro, de forma ovoide, casca amarela e sabor agre.
 - Ditador: persoa que asume todos os poderes e non permite a oposición ao seu goberno.
 - Lealdade: calidade de leal.
 - Escaseza: situación de falta de algo.
- b) Adxectivos: fórmulas útiles para definir un adxectivo son, entre outras: que + verbo do que deriva, dise de..., aplícase a..., pertencente ou relativo a..., que está..., que é...
 - Enxeñoso: que ten enxeño ou habilidade Basto: que está moi xunto ou apertado.
 - Tecnolóxico: pertencente ou relativo á tecnoloxía.
 - Sabido: que sabe ou entende moito.

- c) **Verbos:** unha maneira de definilos é empregar unha forma verbal sinónima e detallar algo máis o seu significado.
- Mesturar: xuntar ou unir varias cousas distintas.
 - Caer: vir abaixo un corpo polo seu propio peso.
 - Fitar: mirar fixamente para algo ou alguén.
- d) **Adverbios:** pódese recorrer ás fórmulas: en..., con..., de maneira...
- Fóra: no exterior do tempo ou do espazo.
 - Apaixonadamente: con paixón.

COMENTARIO CRÍTICO

Consiste en expresar de forma clara e ben organizada unha valoración argumentada sobre o tema do texto, dalgunha cuestión concreta expresada nel ou relacionada co mesmo(é dicir, trátase de expor a nosa opinión empregando argumentos que a defendan)

1] CRITERIOS DE VALORACIÓN:

a) Construción textual . Valórase:

- **A capacidade crítica:** demostrar os propios coñecementos e opinións e a capacidade de razoar usando argumentos e información pertinente, fuxindo dos tópicos e estereotipos, así coma da “orixinalidade” gratuíta.
- **Coherencia do discurso:** construír enunciados sucesivos con continuidade temática e progresión informativa, sen contradicións.
- **Organización da información:** expresar as ideas de xeito organizado, ben estruturada en parágrafos e cun uso correcto dos conectores textuais.

b) Adecuación léxico -gramatical .

Construción de textos adecuados á situación comunicativa formal en que se producen e un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto na escolla do léxico coma nas construcións gramaticais. Débense evitar os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados.

c) Corrección ortográfica e gramatical

Valórase o correcto dominio da norma estándar: ortografía, signos de puntuación, morfoloxía e sintaxe.

Para a redacción do comentario crítico debemos proceder así :

- Realizar a lectura, o subliñado das ideas máis importantes e identificar o tema.
- Decidir a tese ou opinión que imos defender .
- Pensar os argumentos que empregaremos: ideas ou razóns que apoiem a nosa tese e refuten os argumentos contrarios á mesma.
- Redactar un esquema-borrador coas ideas que imos expoñer (poucas, sensatas, fundamentadas, razoadas e claras)
- Redacción definitiva do texto segundo a seguinte estrutura:

2] ESTRUCTURA DO COMENTARIO CRÍTICO. É recomendable que o texto presente tres partes:

I. **Introdución** (1º parágrafo). Podemos incluír aquí dous elementos:

- A. Facer referencia, se procede, ao texto do exame, recollendo a idea principal e incluíndo algunha valoración sobre a importancia, actualidade, orixinalidade ou enfoque co que se trata o tema; manifestar o noso acordo ou desacordo (total ou parcial) coas ideas expresadas no texto.
- B. Expressar as ideas ou tese que imos defender: desde o meu punto de vista, segundo o meu modo de ver, penso/ opino, considero que, (non) estou de acordo con...

II. Desenvolvemento ou corpo argumentativo. (Dous ou tres parágrafos)

Trátase de expoñer con claridade e corrección as nosas ideas e opinións, defendéndoas con argumentos ordenados e ben relacionados, poñendo exemplos concretos e usando os marcadores textuais adecuados.

Cómpre evitar as contradicións, as repeticións e as afirmacións non razoadas, repetir as ideas do texto (trátase de expoñer as nosas), insistir nunha única idea, apartarnos do tema ou do aspecto concreto que se pregunta. Na defensa da tese convén combinar diferentes tipos de argumentos.

III. Conclusión (un parágrafo final) no que sintetizamos os argumentos máis importantes ou resumimos a esencia do exposto. Convén meditala con atención porque configura a impresión xeral do comentario.

Unha fórmula posible para expresala pode ser: En conclusión, atendendo aos argumentos expostos (...) podemos reafirmar a idea de que...

A conclusión pode incluír unha proposta (en vista disto, é conveniente, é necesario, débese...) ou a opinión persoal do alumnado, dependendo da obxectividade ou subxectividade da produción persoal que se pretenda.

DISTRIBUCIÓN POR CURSOS DOS CONTIDOS XERAIS NAS MATERIAS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ

BLOQUE DA COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA

	DPTO. GALEGO	DPTO. CASTELÁN
1º ESO	Noticias mensaxes electrónicas/móbil. Normas e instrucións de uso (instrutivos) Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web... Cartas, notas e avisos.	Narrativos Descritivos Expositivos Argumentativos Dialogados
2º ESO	Narrativos Descritivos Expositivos. Argumentativos. Instrutivos: normas de convivencia, regras de xogos...	Crónicas, reportaxes, noticias, documentais. Diarios, avisos, solicitude. Cartas persoais, correspondencia escolar. Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web... Participación en foros Cuestionarios

3º ESO	Expositivos Presentacións, relatorios, mesas redondas. Convocatorias e actas. Instrutivos: regulamentos. Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web...	Publicitarios Medios de comunicación: información e opinión(noticias, reportaxes, crónica, entrevista...) Narración Descrición.
4º ESO	Narrativos Argumentativos Publicitarios Presentación, relatorios, mesas redondas... Laborais: currículo, carta presentación, contrato. Instancia.	Diálogo (teatro) Debate, coloquio. Argumentación oral e escrita
1º BACH.	Texto expositivo oral e escrito Texto argumentativo oral e escrito O artigo de opinión.	Texto dialogado Texto descritivo Texto narrativo Propiedades textuais
2º BACH.	Seguiranse as directrices marcadas pola CIUG nas distintas linguas	

Unha das sesións semanais da materia de galego estará dedicada obrigatoriamente á lectura en voz alta (nun primeiro momento, dirixida polo persoal docente con vistas a traballar a entoación e as pausas). Desta forma fomentarase un hábito lector ao tempo que se proporcionan ferramentas para realizar unha lectura comprensiva.

BLOQUE DO COÑECEMENTO DA LINGUA

	GALEGO	CASTELÁ
1º ESO	Substantivos: xénero e número Adxectivos: graos (contraccións). Verbo: conjugación (tempos e modos do verbo regular). Adverbios, pronomes, demostrativos...(só en relación con modalidades oracionais e con mecanismos de cohesión, incluíndo conectores temporais). Modalidades oracionais.	Substantivo. Adxectivos. Determinantes. Pronomes. Adverbios. Verbo (conjugación regular). Preposicións Conxuncións. Introdución á estrutura morfolóxica da palabra. Modalidades oracionais.

	Diferenciación das categorías gramaticais estudadas.	Diferenciación das categorías gramaticais estudadas.
2º ESO	Estrutura de nomes e verbos (só regulares). Diferenciación de tódalas categorías gramaticais. Análise sintáctica da oración simple (tódalas funcións sintácticas). Mecanismos de cohesión textual (repaso).	Exercicios de identificación das distintas clases de palabras (repaso). A oración simple. As funcións sintácticas Clasificación da oración simple segundo o tipo de PRED: activa, pasiva, reflexiva, recíproca, pronominal, impersonal.
3º ESO	Exercicios de identificación de todas as clases de palabras (a modo de repaso) e uso de formas correctas. Máis polo miúdo: a)Artigo: contraccións. b)Contraccións c)Valores do posesivo e demostrativo. d) Subclasificación de adverbios, conxuncións, cuantificadores. e) Verbo (conxugación irregular) f) Pronome persoal	Exercicios de identificación de todas as clases de palabras (a modo de repaso). Máis polo miúdo: a)Clasificación semántica do substantivo. b)Graos do adxectivo. c)Conxugación de verbos. d)Subclasificación de adverbios e conxuncións. e)Elementos constitutivos da palabra Estrutura morfolóxica da palabra (repaso). Análise sintáctica (oración simple)
4º ESO	Verbos (repaso da conxugación irregular) e perífrases verbais. Infinitivo conxugado. O pronome persoal. Semántica. Afondamento en adverbio, preposición e conxuncións. Oracións coordinadas e xustapostas. Dupla modificación.	Repaso clases de palabras Oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais. Mecanismos de cohesión textual (afondamento).
1º BACH	Afondamento en cuestións morfolóxicas, sintácticas e semánticas das distintas clases de palabras.	Afondamento en cuestións morfolóxicas. Afondamento en sintaxe da oración simple e composta.
2º BACH	Seguiranse as directrices marcadas pola CIUG nas distintas linguas.	

PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

TRABALLOS A MAN

- Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor.
- O traballo incluírá obrigatoriamente (sexa na portada ou como encabezamento) a seguinte información: Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación á que pertence o exercicio.
- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm) pois dan limpeza ao escrito e permiten facer anotacións ao profesorado. Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio.
- É aconsellable realizar borradores previos. Débese coidar a letra e a limpeza na presentación definitiva.
- Os parágrafos deben estar sangrados.
- As follas que se entreguen deben estar obrigatoriamente unidas con grampas.

TRABALLOS A ORDENADOR

Os traballos a ordenador constarán dos seguintes apartados:

- Portada: Debe conter o título do traballo (no centro da folla e con maior tamaño que o resto) e o nome e curso do alumno na marxe inferior dereita.
- Índice. Nel recóllense todos os capítulos e apartados do traballo indicando a páxina na que se atopan.
*Estes dous apartados serán obrigatorios toda vez que o traballo final supere en extensión os cinco folios.
- Follas de desenvolvemento. Escritas por unha soa cara respectando unhas marxes determinadas (por defecto: esquerdo e dereito, 3 cm; inferior e superior, 2'5 cm). Os tipos de letra máis habituais son Calibri e Arial; en canto ao seu tamaño, dependendo da fonte, variaría entre o 12 para o texto, 14/16 para os subtítulos e 18 para o título. Un entreliñado de 1.5 é o adecuado . Cada capítulo ou apartado principal, destacarase en negriña e comezará páxina nova. As páxinas deberán numerarse empezando a contar a partir do índice.
- Introdución e conclusión. A partir de 3º de ESO, tralo índice, poderase pedir que apareza unha introdución que xustifique e presente o traballo; e ao final, que se recolla unha conclusión a modo de peche.
- Bibliografía. Ao final do traballo, aparecerá a fonte ou fontes ás que se acudira en busca de información, citándoa da seguinte forma:

APELIDO, Nome: Título, Editorial.

Se a consulta se realiza a través da Internet, deberá poñerse a dirección da páxina visitada.

CRITERIOS METODOLÓXICOS

Pretendemos reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guiánnos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura universal.
- Debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe inductiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Consideramos que todos os departamentos podemos implicarnos nos seguintes obxectivos ao longo do curso:

- Realizar lecturas en voz alta co fin de corrixir erros de velocidade lectora, dicción, entoación .
- Propor periodicamente ao alumnado a realización de breves exposicións orais utilizando só un esquema ou guión do tema a desenvolver.
- Traballar a comprensión e produción de textos específicos de cada materia.
- Fomentar o uso do dicionario para coñecer tanto o vocabulario xeral coma o específico de cada materia.
- Reflexionar de maneira grupal sobre os erros máis habituais relacionados coa competencia lingüística.
- Ofertar unha listaxe de libros motivadores, de diferentes temas e con distintos enfoques para reforzar a lectura nas diferentes linguas.
- Os departamentos que poñan lecturas obrigatorias deben comunicar a listaxe á coordinación da biblioteca na primeira semana de outubro.

AVALIACIÓN

CRITERIOS

- 1 Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.
- 2 Produción de textos sinxelos; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- 3 Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico.
- 4 Detección do tema e do subtema en distintos tipos de texto. Subliñado das ideas principais e secundarias.
- 5 Lectura en voz alta, con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.
- 6 Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
- 7 Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios). Respecto polas normas ortográficas.
- 8 Adquisición de novo vocabulario.
- 9 Comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos, evitando prexuízos.
- 10 Uso das TIC para obter información.

- 11 Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

INSTRUMENTOS

- 1 Observación directa do labor desenvolvido polo alumnado.
- 2 Producións escritas do alumnado.
- 3 Producións orais do alumnado.
- 4 Probas escritas.
- 5 Probas de comprensión oral.
- 6 Proxecto de Investigación.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Dentro do Plan Lingüístico de Centro ao longo de cada curso académico haberá que levar a cabo unha serie de accións que teñen como finalidade detectar as posibles eivas e asemade contribuír á mellora do mesmo. Entre elas estarían:

- 1 Delimitar actuacións e establecer un cronograma coas actuacións previstas polo EDLG..
- 2 Temporalizar os obxectivos a curto, medio e longo prazo.
- 3 Revisar de maneira periódica a situación sociolingüística do centro
- 4 Revisar aquelas estratexias que xa temos en marcha como o plan lector, actividades para o fomento da lingua galega, integración de alumnado inmigrante...etc
- 5 Incorporar cando menos unha actuación concreta en cada curso.

ADDENDA - MATERIAS E LINGUA DE IMPARTICIÓN

Artigo 7º.-Educación secundaria obrigatoria.

3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e química.

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán distribúense no mesmo porcentaxe das horas semanais, sen prexuízo do disposto no Capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Artigo 8º.-Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada no mesmo porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Artigo 9º.-Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.

1. Na formación profesional específica, nos ensinamentos artísticos e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado consiga a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.

TABOA RESUMO MATERIAS - LINGUA DE IMPARTICIÓN

	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBAC	2ºBAC
Bioloxía e Xeoloxía	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
Matemáticas	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Física e Química	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Galego	Galego
Tecnoloxía	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Xeografía e Historia	Galego	Galego	Galego	Galego		
Educación Física	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	
Educación Plástica	Galego		Galego	Galego		
Música		Galego	Galego	Galego		
Proxecto Competencial	Galego	Galego	Galego	Galego		
Relixión	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego

	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBAC	2ºBAC
Educación en valores cívicos e éticos			Galego			
Artes Escénicas			Castelán	Castelán		
Cultura Clásica			Castelán	Castelán		
Educación Dixital			Castelán	Castelán		
Oratoria			Castelán	Castelán		
Latín				Castelán	Castelán	Castelán
Economía				Galego	Galego	Galego
Filosofía				Galego	Galego	Galego
Tecnoloxía e Enxeñería					Castelán	Castelán
Debuxo Técnico					Castelán	Castelán
Grego					Castelán	Castelán
TIC					Castelán	Castelán
Historia do Mundo C.					Galego	
Literatura Universal					Castelán	
Anatomía Aplicada					Galego	
Antropoloxía					Galego	
Cultura científica					Galego	
Literatura galega s. XX					Galego	
Linguaxe Musical					Galego	
Historia de España						Galego
Xeografía						Galego
Historia da Arte						Galego
Métodos estatísticos e numéricos						Castelán
Psicoloxía						Galego
Patrimonio Social de Galicia						Galego
Historia da Música						Galego

Este documento aprobouse en sesión de Claustro o 9 de maio de 2023 e en sesión de Consello Escolar o 15 de maio de 2023.